



INSTRUCCIÓN DEPU EMPREGO 2017

Rematado o prazo de exposición pública e de aprobación de modificación de crédito o 14 de xullo de 2017, o planponse en marcha e será desde este intre no que se terá en conta o prazo para o envío das bases das convocatorias antes da súa publicación.

1.- Os concellos terán que facilitar a Deputación de Lugo, 10 días antes do inicio do procedemento de selección, as bases da convocatoria do proceso para dar publicidade na páxina web institucional, así como calquera outra documentación relacionada co mesmo. (Base 8ª.2 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos). A calquera dos seguintes correos electrónicos:

julia.vazquez@deputacionlugo.org

estibaliz.castelao@deputacionlugo.org

2.- Así mesmo deberán comunicar o prazo e medio elixido para a publicación das bases:

- BOP, Taboleiro de anuncios ou sede electrónica: datas concretas da recepción das solicitudes.
- Oficina de emprego: A data concreta da solicitude da oferta.

34.- Obrigas do concellos. Base 8ª.4.

- O Concello será o responsable e promoverá o proceso de selección e posterior contratación ou nomeamento do persoal, e farao de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e a non discriminación e co disposto pola lexislación vixente, previa comunicación o servizo de emprego da Deputación Provincial para dar publicidade a tódalas fases do procedemento.
- O concello terá que facilitar á Deputación Provincial de Lugo o prazo e procedemento da convocatoria para dar publicidade na paxina web institucional. Igualmente deberá comunicar coa mesma finalidade, todas as convocatorias e actos administrativos que publique nos medios e formas que correspondan, para a debida publicidade na páxina web da Deputación provincial.
- O concello deberá asinar co/s traballador/es un contrato laboral (non mercantil) ou nomeamento, en calquera modalidade prevista legalmente, sendo preciso que, como mínimo, sexa a media xornada. Para todos os efectos, este contrato rexerese pola lexislación laboral vixente e en ningún caso existirá ningunha relación contractual nin estatutaria ou funcionarial coa Deputación Provincial.
- O concello terá que facilitar as persoas contratadas roupa de traballo, sempre que así o esixa o posto obxecto de contrato ou nomeamento, e na que deberá figurar que o gasto de contratación

do traballador é financiado pola Deputación mediante a impresión na mesma dos logos da Deputación.

- Facilitar ao traballador contratado os medios técnicos, materiais e de seguridade (EPI) necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente durante a execución do traballo así como a lexislación de datos de carácter persoal así como satisfacer, as obrigas económicas de carácter salarial e tributario en prazo ordinario independentemente do momento do pago da achega.
- O concello comprometerase a publicitar a aportación provincial e a facer constar sempre a financiación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións polas que se da a coñecer a relación das actividades dos servizos.
- Empregar a achega outorgada para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do plan.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación de Lugo.
- Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude de adhesión inicial realizada.
- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Asumir os custes non admisibles.
- Dilixenciar os xustificantes de gastos (nóminas) co texto "Financiado pola Deputación Provincial de Lugo".
- Conservar os documentos xustificativos da axuda, incluídos os documentos electrónicos, que podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Autorizar a publicidade prevista nestas Bases.

Lugo, 19 de xullo de 2017

Coordinadora de Emprego


Julia Vazquez Silvarrey